# FALADOIRO

ANO: XV

NÚMERO: XXV



*Achillea millefolium*

*Herba da rula, herba dos carpinteiros, milfolhas*

**C.E.I.P. DA TORRE-CELA**
**BUEU**

# Sumario:



*Proxecto "Voz natura".

*Saúdo dos pequenos.

*Animación a lectura na biblioteca de Cela.

*O Magosto.

*O Nadal.

*Concurso "Correlingua".

*Celebramos o Día da Paz.

*O Entroido.

*Curiosidades:
-O outono.
-As secuoias.
-As nogueiras
-Copito de neve.
-A voda real.

*Saídas culturais.

*Rimas.

*Adiviñas.

*Chistes.

*Lerias e enredos.

*Páxina deportiva.





# O SAÚDO DOS PEQUENOS





**MARÍA**





**CRISTIAN**







**LARA**



**ANA**





**ESTEBAN**





**ÁNGEL**








**ÁNGEL**






**MARÍA**

NO OUTONO FOMOS
A CASA DA CULTURA
DE CELA E CONTÁRONNOS
MOITOS CONTOS

ISAAC - 5 ANOS




ELOY - 5 ANOS




MARCOS - 5 ANOS




ALBA - 5 ANOS




DIEGO - 5 ANOS




LUCÍA F. 4 ANOS

# O MAGOSTO

No mes de Novembro, en Galicia, celebramo-lo magosto.

O magosto é unha festa grande. Os homes, as mulleres e os nenos recollen as castañas que caen dos ourizos dos castiñeiros.

Despois reunense todos para asalas no lume.

O final, todos comen as castañas, cantan e bailan.

Alguns rapaces xogan a pinta-la cara cos tinons de lume lume.




Mabel - 3º

# O MAGOSTO NO NOSO COLEXIO

O luns día 10 de novembro celebramo-la festa do Magosto no colex Torre-Cela.

Foi unha festa estupenda. Fíxose despoi do recreo. Mentres asaban as castañas os profesores Fernando, Manolo e Jose, nós, quentábamos para os xogos.

Despois os rapaces e rapazas de sexto repartiron as castañas e comímolas...

¡Que boas estaban!

Logo fixemo-los xogos: sogatira, as catro esquinas e o pañuelo.

Finalmente fomos recolle-las mochilas e marchamos para a casa.

Jorge Bernárdez 4

O día 10 de Novembro celebrámo-lo magosto no colexio. Os profesores asaron as castañas e as nenas de 6º curso botaron as castañas nos cucuruchos e logo as repartiron.

Eu fun a unha papeleira con catro amigos máis e púxenme a comelas.

Despois xogamos á pita envelenada, á cadea e ó brile e gañamos en tódolos xogos. Este ano paseino moi ben no magosto.

Guillermo 6º

# O MAGOSTO

No mes de Novembro, en Galicia, celebramo-lo magosto.

O magosto é unha festa grande. Os homes, as mulleres e os nenos recollen as castañas que caen dos ourizos dos castiñeiros.

Despois reunense todos para asalas no lume.

O final, todos comen as castañas, cantan e bailan.

Alguns rapaces xogan a pinta-la cara cos tinons de lume lume.




Mabel - 3º


O MAGOSTO
Ángel Estévez
Pastoriza 4º


O MAGOSTO
MANU DURAN
ADÁN FREIRE
JUNCAL LÓPEZ
ELENA
KEVIN
CARMEN
CARMEN 1º E.P.
GRAÑA LOBEIRA


EI
1º
2º
3º
4º
5º
6º
Tania

# NADAL

No mes de Decembro xa empezamos a prepara-lo Nadal no colexio: puxemos o Belén e a árbore con campaniñas. O último dia de clase fixemos un festival e cantamos pantoliñas e uns nenos fixeron teatro. Veu Papá Noel e fixemos unha comedela.

Ese dia empezaron as vacacions.

O dia de Noiteboa cenei na casa dos meus avós e paseino moi ben cos meus curmáns.

O dia de fin de ano reime moito porque atraganteime coas uvas.

O dia de Reis trouxeronme un coche teledirixido.

Jonathan González Couso 3º


CARMEN
¡FELIZ 2.004! BICOS


MANUEL


Elena


Adán


Tino Durán Pouseu - 4°

# CORRELINGUA.

**Este ano un grupo de nenos e nenas do o noso colexio vai participar no Concurso Correlingua que é unha carreira de carácter lúdico-educativo que se celebrará en Pontevedra no mes de maio, co obxectivo de sensibiliza-la sociedade da importancia da defensa da lingua. Para participar neste concurso elaboramo-lo seguinte manifesto e lema:**

**Nestes momentos, o galego, que antes se falaba pouco, está atravesando un avance pequeño, pero constante.**

**Hoxe en día, podemos dicir que o cen por cento dos galegos entendémo-la Lingua e que un tanto por cento moi elevado, está capacitado para falala, aínda que sexa con maior ou menor corrección.**

**Esta é a realidade, en nin acertaron aqueles que en poucos anos dicían que acabariamos todos falando galego e os outros que dixeron que nunca lograriamos que todos falásemos a nosa Lingua as vintecatro horas do día.**

**A sociedade sabe da importancia da Lingua, pero a sociedade actual, segue con boa parte daquel "medo" a falar en galego.**

**E impensable que se poidan atopar moitas conversas en galego entre persoas, que previamente empecen a súa conversa en Castelán, aínda que tódolos presentes saiban e coñezan o Galego.**

**Algo queda de que falar en Castelán da prestixio e demostra cultura e fala-lo Galego é síntoma de aldeanismo e falta dunha certa educación.**

**É ahí, onde está o verdadeiro problema na falta de mellora na fala da nosa Lingua. Para lograr conciencia-la nosa sociedade, habería que aplicar este lema:**

## " O GALEGO NA NOSA VIDA."

Ser amigos

portarse ben




acercarse

axudar

perdoar

quererse

falar

colaborar

1º E.P.

# PAZ

Queremos Paz Para Todo o mundo

Quique-3º

Non debemos pelexar

Andrés -3º

Non queremos violencia

Jonathan -3º

No deporte non pode haber violencia

Alex -3º

Temos que axudar ós nosos amigos e ós que non son tan amigos.

Alba 3º

Non podemos insultarnos

Oscar 3º

Sé amigo nunca inimigo

Nadia 3º

A Paz é moi importante

Raquel 3º

Todos temos que ser amigos

Mabel 3º

# O Entroido

O día vinte de Febreiro
celebramo-lo Entroido.
Tódolos nenos e nenas disfrazámonos
de insectos.
Ás once vestímonos, baixamos ó
patio e fixemos fotots.
Mais tarde marchamos ó, Torrón.
Cando chegamos tódolos cursos
cantamos unha cancion propia do
entroido. Ó rematar viñemos
para o colexio, quitamolos traxes
e baixamos ó patio. Ali estaban
colocadas mesas para cada
clase puxémola comida e
compartimos entre os compañeiros.
Chulas e filloas. Despois xogamos e
pintamo-lo pelo.

Yolanda 5º


ENTROIDO
Eu no entroido
teño medo
deste feo
cigarrón;
vai choutando
polas rúas
as súas chocas
fan/totón!
Pero gústame
o entroido
polos grelos
e o lacon,
a cachucha,
os chourisos,
o entrecosto
e os roxóns.
Raquel 3º


MARTÍN E.I


AIDA 2º


ADOLFO
3º


Miriam 5º

# RECEITAS DO ENTROIDO.

## ORELLAS

Ingredientes:
500 gramos de fariña
2 ovos
75 gramos de manteiga
½ copa de ron
un pouco de aceite
un pouco de leite
sal.

Elaboración
Mestura-la fariña co sal. Facer un "volcán" e engadi-los ovos, sin bater, a manteiga, derretida e fría, o aceite, o leite e o ron. Amasar ben.
Despois facemos duas bolas coa masa e deixámolas durante 15 minutos tapadas con un pano seco. Pasados os 15 minutos facemos 15 boliñas de cada bola grande e deixamos outra vez 15 minutos. Ó pasar este tempo estirámolas e frítense en aceite de oliva ben quente. Unha vez listas pódense espolvorear con azucre glass e canela.

Adolfo. 3º

## FILLOAS

Ingredientes:
6 ovos
75 gramos de fariña
75 gramos de manteiga
½ litros de leite
esencia de anís (según gusto)
sal
azucre.

Elaboración
Nun bol bátense os ovos e se lle van engadindo tódolos ingredientes, cando estea todo batido, cólase.
Unta-la sartén con un cachiño de touciño antes de facer cada filloa.
Cando a tixola está ben quente botar unha cucharada do almoado ben extendido polo fondo, cando a filloa empeza a dorarse, darlle a volta. Sácanse para un plato e espolvoréanse con azucre ou canela. Tamén se poden rechear con nata, chocolate, mel, etc.

Nadir. 3º

# CHULAS

Ingredientes.

6 ovos
1 barra de pan.
6 cucharadas de azucre
unha raiadura de limón
150 – 200gr. de fariña.
1 chorro de anís.

Preparación.

Esmiólase o pan e ponse nun molde. Bátense os ovos, o azucre, a raiadura de limón, o anís e bótase encima do pan. Cando o pan estea ben mollado desfaise coa batidora. Despois engádeselle a fariña e bátese outra vez. Ponse a tixola ó lume con aceite e cando estea ben quente bótanse culleradas de almoado na tixola.

Alba. 3º.

Ingredientes

500 gr. de fariña.
5 ovos.
Un cacho de butefa
Raiadura de limón
Canela
Sal
300 gr. de azucre
leite.

Preparación.

Cócese a butefa e deixase escurrir e enfriar. Despois mesturase con tódolos ingredientes e amásase. Frítese a masa en aceite ben quente e ponse encima dun pano de papel e espolvoréanse con azucre.

Raquel. 3º.

# O outono





Acabouse o verán.
As tardes son cada vez
máis frescas.



Algunhas árbores poñen
as follas marelas e marrón.



Logo déixanas caer e
quedan espidas.



Chove. Os días fanse mais
curtos.



O señor vento arrasta as



follas e fai remuíños.

A ás veces leva as
tellas das casas.
É o tempo das noces,
das castañas e das landras.
É outono.



Aida 2º

# Unha árbore xigante.

As SECUOIAS son as árbores máis grandes que existen. Poden chegar a ser tan altas coma un edificio de 40 plantas. E o seu tronco é tan groso que para arrodealo se necesitan 30 nenos formando unha roda.



# A NOGUEIRA





Árbore de gran porte, pode acadar os 20 m., tronco liso e gris e follas ovaladas.

Na primaveira saca os seus froitos (as noces) e maduran no outono.

UTILIDADE:

* Madeira: Dura e densa. Moi apreciada en ebanistería.

* Froito: casca dura e semente comestible



Paula 2º

# COPITO DE NIEVE

Copito vivía no zoo de Barcelona, tiña unha enfermidade de cancro de pel. O día 24 de novembro morreu, puxéronlle unha in-yección para que non tivera dor. Tiña 21 fillos e 7 netos. Era blanco con ollos azuis. Viviu casi 40 anos e mercouno Jordi Sabater en 1.966 a uns cazadores de Guinea por 15.000 pese-tas. ¡Que pena de morrer Copito de nieve!

Cristian 4º

# UNHA VODA PARA A HISTORIA

Dende a primeira restauración da Monarquía Española no ano 1.874, na persoa de Dn. Alfonso XII, catro foron os matrimonios de Reis e Príncipes de Asturias que se celebraron.
Alfonso XII: casou coa súa curmá Dona María das Mercedes. Pouco durou este matrimonio porque seis meses despois finaba Dona María.
Dezasete meses mais tarde volvía a casar Don Alfonso con Dona Cristina de Habsburgo.
Sete anos mais tarde finaba Alfonso XII e a Raiña convertíase en Rexente dun Rei que nese intre só habitaba no seu ventre.
Alfonso XIII: o 31 de maio de 1.906 casaba en Madrid coa princesa Victoria Eugenia de Battenberg.
Don Juan: o herdeiro de Don Allfonso XIII casou no exilio de Roma o 12 de outubro de 1.935 coa Princesa María de las Mercedes de Borbón.
Don Juan Carlos I e Dona Sofía casaron en Atenas o 14 de maio de 1.962.
Dende que España existe como nación consolidada accederon ó Trono en calidade de consortes vinte e catro esposas de Rei, das que só unha era española de necemento, Dona María das Mercedes de Orleáns, e tres por direito dinástico (Isabel la Católica, Juana la Loca e Isabel II).
Pero hoxe estamos ás portas duna voda Real de especial transcendencia.
O casamento do Príncipe Felipe e Grecia con Letizia Ortiz non ten antecedentes na nosa historia. É a primeira vez que un herdeiro da Coroa se compromete cunha muller do pobo, sen título nobiliario. Esto supón un paso adiante na modernización da monarquía e no acercamento ós cidadáns.
A elección do Príncipe ten o respaldo do Rei e é conforme co artigo 57 da Constitución e ademais ten o beneplácito do pobo, porque é unha voda por amor e cunha española.
A posta ó día da Monarquía pode implicar tamén a derogación da Lei Sálica, pola que a muller só pode acceder á Coroa no caso de que falte un herdeiro varón.

# SAÍDA A PONTEVEDRA DOS ALUMNOS DE 6º CURSO

O xoves día 12 de Febreiro fomos todo-los alumnos do terceiro ciclo de primaria do Colexio, a visita-lo Museo de Pontevedra.

Gustoume moito porque un guía acompañounos durante toda-la visita explicándonos todo o que nós estabamos vendo; obxectos, xoias, metais, etc.. dunha antiguedade de miles de anos e, a maioría deles dos tempos dos celtas.

Pero o que máis me impresionou foi a reproducción exacta do camarote do Almirante Pontevedrés Méndez Núñez, dando a impresión de que te atopabas dentro dun barco.

E para remata-la mañán fomos a un concerto musical ó Teatro Principal.

Un director e máis de trinta músicos foronos mostrando o son de cada instrumento. Despois agruparon varios instrumentos, podemos dicir que por familias, tocando todos xuntos. Finalmente todo-los compoñentes da banda, baixo a dirección do director, interpretaron varias melodías moi coñecidas por todos nós e que nós entusiasmaron.

Así voltamos o colexio moi contentos.

José Martín Gil Martínez. 6º de Primaria.

• Os nenos e nenas de Cela visitamos os Bombeiros e a Biblioteca de Pontevedra.

(ELENA)

Os Bombeiros:

◇ Presentáronse. Eran simpáticos.

◇ Vimos o ximnasio, as habitacións, a cociña, os camións. Cando marchamos tocaron a sirena.

(Manuel)









# A BIBLIOTECA

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| LOS TRES OSOS | O PIRATA ZU | O GATO REPENAQUE | ✓ | ✓ | ✓ |
| ✓ | TANTE E DONDE | EL GATO CON BOTAS | ✓ | ✓ | ✓ |
| EL PATITO FEO | ✓ | AMALIA E LUCA | ✓ | ✓ | ✓ |
| MANO | O BELEN DE XELA | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ |
| A TOUPIÑA | PLINE PLUMBO | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ |
| TIO LOBO | ✓ | TROMPA E TROMPETA | ✓ | ✓ | ✓ |
| ✓ | O GRILO BILICRO | QUE O OSO XENEROSO | ✓ | ✓ | ✓ |

CARMEN




A BIBLIOTECA-ELENA, 1º E.P.

- A Biblioteca:

Dúas rapazas leron uns contos e despois deixáronnos coller outros. Eran moi bonitos e pasámolo moi ben. Logo fomos á Alameda e ó colexio. (CARMEN)

Lara e
Hugo

# Cousas de paxaros



* Andoriñas e galiñas son sempre nosas veciñas.

* Os niños dos pospallós hainos nas beiras de pan.



* O niño do pereireiro esta riba dun outeiro.



* O xílgaro e o canario fano sempre nun ramallo.

# ADIVIÑAS

Teño un tamaño
dunha noz, subo
ó monte pero
non teño pes.

O CARACOL



Branca, son, branca
nacín, pobres e
ricos comen de min.



O SAL

CARMEN GRAÑA LOBEIRA

1º E.P.

# CHISTES

Que lle di un feixe de herba a outro:
- Estamos apañados





¿Por qué os de Lepe plantan as patacas na praza de touros?
¡Para que lles saian bravas!

Dúas pulgas saen da ópera, e unha lle di a outra:
- ¿Vamos en taxi ou collemos un can?





Se un tren fose de chocolate, ¿por onde empezarías a comelo?
- Polas rodas, así o tren non se escaparía

Zaira (4º)

# LERIAS E ENREDOS

① Pesca o nome dos animais mariños:

| | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| C | Z | M | B | A | L | E | A | N | A |
| E | B | C | A | N | G | R | E | X | O |
| N | L | R | A | I | A | Q | T | L | V |
| T | A | M | S | A | R | D | I | Ñ | A |
| O | N | R | G | P | U | L | P | E | E |
| L | G | P | O | L | B | O | R | U | X |
| O | O | U | I | O | S | T | R | A | S |
| H | S | I | R | C | A | E | O | A | N |
| T | T | A | N | G | U | I | A | A | S |
| D | A | G | O | L | F | I | Ñ | O | T |



XEROGLÍFICO: ¿Que pescou Xosé?




Solución:

XEROGLÍFICO: ¿Quen está na torre da igrexa?




Solución:

Escribe o nome que representan os debuxos.



# FÚTBOL
# CAMPIONATOS INTERNOS 2.003 – 2.004

## Equipos clasificados para a fase final do campionato:

**CALAVERAS**
**DRAGONES**
**TRASNOS**
**PITUFOS**



## Máximo goleador do campionato:
## ADRIÁN ESTÉVEZ PASTORIZA



Continuamos co Torneo de Tenis de Mesa tódolos recreos no ximnasio

**O vindeiro día 24 de marzo ás 9,30 h da mañá o noso seleccionado de Cela irá cara Beluso para participar no triangular de fútbol que tódolos anos xogan os seleccionados de Bueu, Beluso e Cela.**
**A nosa misión este ano será revalida-lo título de campións acadado o curso pasado. Moita sorte.**

# O ENTROIDO, 20-2-2.004



ELENA 1º E.P



KEVIN

Manuel 1º E.P





O ENTROIDO

CARMEN GRAÑA LOUEIRA 1ºE.P.



Adán

1º E.P.